



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS E OUTRAS ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DE FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE NA MINERÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA (COMG) o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 20 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Cámara Oficial Mineira de Galicia e concretar as funcións de asesoramento, realización de estudos e outras actuacións específicas en materia de promoción da sustentabilidade no sector mineiro que a COMG desenvolverá en execución do dito convenio. En concreto as actuacións obxecto do convenio son as seguintes:

- a) Diagnose da situación actual do sector da minaría de Galicia e perspectivas de futuro cara unha minería sustentable
- b) Selección de indicadores de sustentabilidade no desenvolvemento da actividade mineira aplicables ás explotacións mineiras galegas
- c) Apoio á implantación nas explotacións mineiras galegas de sistemas de xestión mineira sustentable:

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Regulamento de Réxime Interior da Cámara Oficial Mineira de Galicia de 30 de marzo de 2016 indica no seu artigo 2 alínea primeira que "A Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que se configura como órgano consultivo, de asesoramento e colaboración cos poderes públicos, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sometido á tutela da Consellería da Xunta de Galicia con competencia en minería. Para o cumprimento dos seus fins e exercicio das súas funcións goza de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. A súa estrutura e





funcionamento deberán ser democráticos e suxeitarse ás disposicións do presente Regulamento.”

Segundo o artigo 3 do citado Regulamento de réxime interior, a COMG “ten como finalidade a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses xerais da industria mineira en Galicia, con especial atención á compatibilización coa protección do medio ambiente, a integración social e territorial, a innovación, a formación e a seguridade e saúde laboral das actividades mineiras, así como a prestación de servizos aos seus socios. Así mesmo, exercerá as competencias de carácter público que lle atribúe a lexislación relativa ás Cámaras Oficiais Mineiras e as que lles poidan ser asignadas polas Administracións Públicas de acordo cos instrumentos que establece o ordenamento xurídico”.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación achegará ata un máximo de **CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **09.20.734A.640.0** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

As achegas que efectúa a Administración autonómica non se dirixen a retribuír á outra parte, senón a posibilitar o financiamento da COMG para a realización das actuacións obxecto do convenio.

O convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
(asinado dixitalmente)
Ángel Bernardo Tahoces

